

Historia popular do paporrubio

Conta a historia popular das xentes que o paporrubio foi o único paxaro que se presentou voluntario para unha perigosa misión, era a de subir ata o Sol co fin de conseguir o lume daquela descoñecido na Terra.

Alá marchou ao sol o valente gris paxariño, ao volver da súa viaxe levando a antorcha prendida no seu peteiro, queimou varias plumas do seu corpo en especial as situadas á altura da gorxa. Como xesto de gratificación os outros paxaros regaláronlle unha das súas plumas polo que o papo quedou vestido de cores coas diferentes plumas sobresaíndo as de cor vermello. Pero a curuxa negouse a darlle unha pluma súa, e por iso foi que os demais paxaros prohibíronlle voar durante o día.

*Grazas ao papá de Xandre que compartiu esta historia con todos nós.